

Emprego

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO OPOSICIÓN, DE UN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL E UN/UNHA MESTRE DE EDUCACIÓN PRIMARIA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PARA REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN INMIGRANTE.

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria e o proceso de selección de un/unha TRABALLADOR/A SOCIAL e un/unha MESTRE DE EDUCACIÓN PRIMARIA, persoal laboral temporal, con destino á realización de actuacións de Inclusión Social da Poboación Inmigrante, promovido polo Concello de Lalín. O proxecto está cofinanciado pola Consellería de Política Social, mediante unha subvención concedida con cargo á Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, (DOG nº 148,d o 3/08/2018), así como polo Fondo Social Europeo e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020.

SEGUNDA. Número e características dos postos convocados

1. TRABALLADOR/A SOCIAL:

- Denominación: **TRABALLADOR/A SOCIAL**
- Número de postos: Un (1).
- Tipo: contrato laboral temporal por obra e servizo determinado.
- Obra/servizo a desenvolver: Inclusión e transición ao emprego en persoas inmigrantes.
- Xornada laboral: A tempo completo (40 horas á semana).
- Duración: desde a data de contratación ata o 30/10/2019.
- Retribución: **1.781,31** euros brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extraordinarias.

3. MESTRE:

- Denominación: **MESTRE**
- Número de postos: Un (1).
- Tipo: contrato laboral temporal por obra e servizo determinado
- Obra/servizo a desenvolver: Reforzo socioeducativo para menores inmigrantes.
- Xornada laboral: A tempo completo (40 horas á semana).
- Duración: desde a data de contratación ata o 30/10/2019.
- Retribución: **1.781,31** euros brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extraordinarias.

TERCEIRA. Funcións

De conformidade coa memoria do proxecto de subvención e o artigo 5 da Orde da Consellería de Política Social do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de

subvencións a corporacións locais para a inversión en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, as funcións a desenvolver por cada ocupación son :

TRABALLADOR/A SOCIAL:

- Planificar, executar, avaliar e xustificar as actuacións, no seu ámbito de actuación, coa poboación inmigrante en situación de risco que recolle a Orde do 24 de xullo de 2018 ,s segundo as indicacións da Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social e en colaboración e coordinación cos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Lalín.
- Elaborar e poñer en marcha itinerarios personalizados de inserción con poboación inmigrante en risco de exclusión social, onde se leven a cabo, polo menos, as seguintes prestacións da carteira de servizos sociais de inclusión:
 - Diagnose persoal e/ou familiar, e do seu contexto.
 - Deseño, seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social e/ou laboral.
 - Acompañamento social.
 - Accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais, incluídas as dirixidas á mellora da administración da economía familiar.
 - Accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral.
 - Mediación laboral.
 - Prospección e intermediación laboral activa.
 - Apoio socioeducativo para a adhesión a tratamentos de prescrición facultativa.
- Diseñar e poñer en marcha accións formativas adaptadas para promover o acceso e permanencia no mercado laboral, en coordinación e colaboración co persoal técnico dos servizos sociais comunitarios.

MESTRA/E EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Planificar, executar, avaliar e xustificar as actuacións, no seu ámbito de actuación, coa poboación inmigrante en situación de risco que recolle a Orde do 24 de xullo de 2018 ,s segundo as indicacións da Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social e en

Emprego

colaboración e coordinación cos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Lalín.

- Apoio directo ao alumnado seleccionado mediante clases de reforzo extraescolar para a realización das tarefas escolares e a adquisición de estratexias de organización persoal e hábitos de estudo.
- Realizar un seguimento individualizado do alumnado participante en colaboración cos proxenitores, cos centros escolares e coas entidades sociais con actuacións de reforzo socioeducativo.
- Elaboración de materiais didácticos e de orientación, así como ofrecer asesoramento ás familias co fin de facilitar e potenciar a súa implicación na tarefa educativa.
- Outras que especificamente se determinen en función do desenvolvemento da actuación e relacionadas co proxecto.

CUARTA. Requisitos dos/as aspirantes

1. Os/as aspirantes deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, de 31/10/2015), a respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos dezaséis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a titulación académica esixida para cada posto convocado:
 - * TRABALLO SOCIAL: estar en posesión da titulación universitaria de Grao en traballo social ou Diplomatura en traballo social ou equivalente.
 - * MESTRE EN EDUCACIÓN PRIMARIA: estar en posesión da titulación universitaria de Grao/diplomatura en mestre de educación primaria ou equivalente.
- d) Ter coñecemento da lingua galega, nivel CELGA 4, co obxecto de garantir os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas usuarias de conformidade co artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o artigo 54.11 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Disposición Adicional 2ª, apartado 2, da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.
- e) Ser titular do permiso de condución B, válido e en vigor.
- f) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto á que aspira, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Emprego

- g) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- h) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

2. Todos os requisitos deberán posuílos os/as aspirantes no momento da solicitude.

QUINTA. Publicidade da convocatoria

1. Convocatoria pública realizada mediante anuncio publicado nun dos diarios de maior tirada de Galicia e no taboleiro municipal de edictos. As bases estarán a disposición dos interesados/as no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, así coma na páxina web www.lalin.gal e na sede electrónica Lalín <http://lalin.sedelectronica.gal>

2. Os anuncios do procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Lalín, na sede electrónica (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e na páxina web municipal (www.lalin.gal).

SEXTA. Presentación de solicitudes e prazo

1. As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Lalín. A instancia conterá, polo menos, nome e apelidos do/a solicitante, enderezo, denominación do posto ao que opta, lugar e data e deberá estar asinada.

Para ser admitidos os/as aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todos os requisitos esixidos na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

No Rexistro Xeral do Concello de Lalín facilitaráselles as persoas interesadas o modelo de solicitude, que tamén se pode descargar na páxina web municipal (www.lalin.gal), e figura no ANEXO II destas bases. Este modelo é orientativo e de utilización voluntaria.

2. A instancia deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade (DNI) ou da tarxeta acreditativa expedida polas autoridades

Emprego

competentes no caso de cidadáns nacionais doutros estados.

- Título académico esixido na convocatoria segundo á ocupación á que se opte.
- Certificado de Lingua Galega CELGA 4, ou equivalente, de conformidade coa Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). No caso de non poder acreditar mediante certificación ou validación o coñecemento da lingua galega será necesario superar a proba establecida na base oitava.
- Curriculum Vitae.
- Permiso de condución B, válido e en vigor.
- Declaración xurada segundo modelo establecido (ANEXO III).
- Orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso debidamente acreditados con arranxo ao baremo establecido na base OITAVA. Só serán valorados os méritos debidamente xustificados con arranxo a este baremo.

3. O prazo para presentar as solicitudes será de **dez (10) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio nun dos diarios de maior tirada de Galicia e no taboleiro municipal de edictos.

4. A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, en horario de 8.00 a 15.00 horas, por sede electrónica (<http://lalin.sedelectronica.gal>), ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, de 02/10/2015). As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos, en virtude do establecido no artigo 14 da Lei 43/2010, de 30 de decembro, do Servizo Postal Universal, dos Dereitos dos Usuarios e do Mercado Postal (BOE núm. 318, de 31 de decembro de 2010), deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao Rexistro Xeral do Concello de Lalín, ou administración electrónica, o/a aspirante deberá remitir por fax, ao número 986780638, e ao correo electrónico emprego@lalin.gal unha copia da instancia co selo do Rexistro onde se presentou antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

5. Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, cando sexa necesario, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios.

6. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

SÉTIMA. Admisión de aspirantes

1. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, no prazo de tres (3) días naturais, declararase aprobada a relación de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, e publicarase na páxina web municipal (www.lalin.gal), na sede electrónica (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello.

2. Os/as aspirantes excluídos/as ou omitidos/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da relación para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión e formular as reclamacións que consideren á lista provisional. As reclamacións serán resoltas polo Tribunal cualificador estimándoas ou desestimándoas. Transcorrido dito prazo aprobarase a lista definitiva e ordenarase a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e na páxina web municipal (www.lalin.gal), xunto coa data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio da fase de oposición.

3. No caso de que todas as persoas candidatas sexan admitidas, o listado provisional elevarase a definitivo e publicarase, como tal, no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e na páxina web municipal (www.lalin.gal), xunto coa data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio da fase de oposición.

OITAVA. Contido e desenvolvemento do proceso selectivo

A selección de candidatos/as realizarase a través do sistema de concurso-oposición.

a) Fase de oposición (máximo 10 puntos)

1. A fase de oposición constará de dous (2) exercicios: unha proba teórico/práctica e a proba de Galego:

b) **EXERCIZO Nº 1.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nun suposto teórico-práctico relativo ás actividades a desenvolver. Contará cun máximo de 20 preguntas, que poderán ser tipo test ou de resposta curta, cunha puntuación máxima de 10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 para poder superar dita proba. O tempo máximo de desenvolvemento desta proba será de 30 minutos.

Emprego

A proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos. As persoas aspirantes que non acaden unha puntuación de cinco (5) puntos terán a consideración de non aptas e quedarán excluídas do resto do proceso selectivo.

C) EXERCIZO Nº 2. PROBA DE GALEGO. De carácter obrigatorio e non eliminatorio para aqueles/as aspirantes que superen a proba práctica pero non teñan acreditado documentalmente, no prazo de presentación de instancias, o coñecemento da lingua galega conforme ao establecido na base SEXTA. Estarán exentos/as de realizar esta proba os candidatos/as que así o acrediten e que, previamente, fagan constar esta circunstancia na declaración xurada do ANEXO III.

A proba consistirá nun exercicio escrito, tradución dun texto do castelán ao galego, a elección do Tribunal, co requisito de nivel do Certificado de Lingua Galega CELGA 4 (nivel C1 do Marco europeo común de referencia para as linguas). O tempo máximo para a realización deste exercicio será de trinta (30) minutos.

A proba non sumará puntos, cualificarase con apto/a ou non apto/a.

2. As persoas aspirantes concorrerán á realización dos exercicios provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do Tribunal e dos medios materiais necesarios para a realización das probas. Serán convocadas en chamamento único, quedando excluídas as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos/as aspirantes será a alfabética e o Tribunal poderá requirir en calquera momento do proceso que acrediten a súa identidade.

3. Finalizados os exercicios, o Tribunal fará pública a relación de persoas aspirantes coas puntuacións obtidas e as declaradas non aptas a efectos de exclusión do resto do proceso selectivo.

b) Fase de concurso

1. A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos curriculares, formación e experiencia profesional, aportados polos/as aspirantes, tendo en conta a natureza e características da praza convocada.

BAREMO DE MÉRITOS - Máximo 10 puntos	PUNTUACIÓN
1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (Máximo 4,80 puntos)	4,80 puntos
Másters, posgraos, cursos de especialización en materias relacionadas co posto a desenvolver (0,10 puntos por cada 50 horas formativas)	3,00 puntos

Emprego

Cursos de formación continua en materias relacionadas coas funcións do posto convocado (0,02 puntos por cada 30 horas formativas)	1,80 puntos
<i>Acreditaranse mediante documento xustificativo da formación cursada (certificación, diploma ou título acreditativo). Só se valorará a formación convocada, impartida ou homologada polas Administracións Públicas, Universidades, Colexios profesionais, Organizacións sindicais e Cámaras de Comercio. Non se valorarán os cursos nos que non se especifiquen as horas de duración ou o número de créditos. Cando o documento xustificativo especifique a duración en créditos, salvo que certifique outra cousa, entenderase que 1 crédito equivale a 10 horas e 1 crédito ECTS equivale a 25 horas.</i>	
2. EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 5,00 puntos)	5,00 puntos
Experiencia en tarefas técnicas directamente relacionadas co posto convocado. (0,20 puntos por cada mes na Administración Pública; 0,15 puntos por cada mes en entidades privadas).	5,00 puntos
Experiencia en tarefas técnicas de similar contido profesional en servizos, plans, proxectos ou programas, na mesma categoría profesional (0,15 puntos por cada mes por cada mes na Administración Pública; 0,10 por cada mes en entidades privadas.)	3,00 puntos (máximo)
<i>Acreditarase mediante vida laboral actualizada máis copia do contrato de traballo e/ou certificado de empresa, copia do contrato de servizos e alta no réxime da Seguridade Social correspondente no caso de traballadores/as autónomos/as ou certificación expedida pola Administración pública na que prestou servizos no caso das traballadores/as públicos/as, facendo constar o posto que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.</i>	
3. OUTROS MÉRITOS (Máximo 0,20 puntos)	0,20 puntos
Competencia Didáctica: formación en metodoloxía didáctica e experiencia pedagóxica desenvolvendo actividades grupais (Formación: 0,10 puntos. Experiencia: 0,02 puntos por cada 10 horas de actividades grupais/docencia - máximo 0,10 puntos).	
<i>Acreditarase, no caso da formación metodolóxica, mediante Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP), Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor/a de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas, Certificado de Profesionalidade de Formador/a Ocupacional, Certificado de Profesionalidade de Docencia da Formación Profesional para o Emprego.</i>	0,20 puntos

2. Só serán valorados os méritos debidamente acreditados con arranxo a este baremo.

3. A puntuación máxima desta fase será de dez (10) puntos.

NOVENA. Tribunal Cualificador

1. O Tribunal encargado da selección estará integrado por cinco (5) membros, coa seguinte composición:

- Presidente/a: un funcionario/a municipal do Concello de Lalín.
- Secretario/a: o Secretario Xeral do Concello de Lalín ou persoa en quen delegue.
- Tres (3) Vogais: Tres (3) funcionarios/as municipais ou persoal laboral do Concello de Lalín.

2. A composición nominal dos membros do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e aprobarase por Resolución da Alcaldía que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros e deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

DÉCIMA. Cualificacións e proposta do Tribunal

1. Finalizado o primeiro exercizo da oposición, o Tribunal fará pública a relación provisional de aspirantes que superaron dita proba, por orde de puntuación, coa cualificación acadada por cada un deles/as. No prazo de 3 días hábiles, as persoas candidatas que así o consideren poderán formular as reclamacións oportunas á puntuación obtida no primeiro exame da fase oposición.

Transcorrido dito prazo publicarase a relación definitiva de aspirantes que superaron dito exame e a data da proba de galego, segundo exercizo da fase de oposición, para aquelas persoas que non acrediten o CELGA 4 ou equivalente, que poderá ser ao día seguinte da publicación de dita lista definitiva.

Dado que se trata dunha proba non eliminatória, ao día seguinte publicarase a lista definitiva das persoas candidatas que superaron a fase de oposición xunto co listado provisional da baremación de méritos. Transcorridos 3 días hábiles, onde as persoas que así o consideren poderán formular as reclamacións oportunas á baremación de méritos, procederase a elevar a definitivo dito listado e publicar a Acta final de selección.

6. A cualificación final será a resultante da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. No caso de producirse un empate entre candidatos/as, dirimirase conforme a: 1º Maior puntuación na proba práctica da fase de oposición. 2º Maior puntuación na valoración de méritos da fase de concurso. No caso de persistir o empate resolverase por sorteo.

3. O Tribunal elevará á Xunta de Goberno Local esta relación propoñendo a contratación dos candidatos/as que obtiveran a maior puntuación final.

5. Aquelas persoas seleccionadas que non se presenten o día no que sexan convocados para a sinatura do contrato, agás nos casos de forza maior, non poderán ser contratadas. Neste caso, formularase proposta adicional a favor da persoa candidata quen lle siga na orde de puntuación.

6. Cos/as aspirantes que superasen o proceso pero non resultasen seleccionados/as, se os houbera, determinados/as por orde descendente de puntuación, serán propostos/as polo Tribunal, elevando proposta para formar unha lista de reserva para cubrir posibles renuncias, baixas, vacantes temporais ou circunstancias sobrevidas do persoal durante o desenvolvemento do plan.

DÉCIMO PRIMEIRA. Incompatibilidades

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e o seu Regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

DÉCIMO TERCEIRA. INCIDENCIAS.

O Tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presenta a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO CUARTA. RÉXIME XURÍDICO

O proceso selectivo regularanse polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei

DÉCIMO SEGUNDA. DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal cualificador poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

D. José Manuel Fernández Taboada
O Concelleiro Delegado de Comercio,
Emprego e Réxime Interno.

ANEXO I – TEMARIO DA CONVOCATORIA

I. PARTE COMÚN

1. A Constitución Española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.
2. O Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia. Poderes da Comunidade Autónoma e competencias. Lingua propia de Galicia e idiomas oficiais.

Emprego

3. O municipio. Territorio, organización, poboación e competencias. Dereitos e deberes dos veciños/as.
4. Procedemento administrativo. Capacidade de obrar e concepto de interesado/a. Representación. Identificación e sinatura. Rexistros. Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas.
5. Fases do procedemento administrativo. Dereitos do interesado/a no procedemento administrativo. Requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. Clases de recursos administrativos.

II. PARTE ESPECÍFICA TRABALLADOR/A SOCIAL

1. Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia.
2. A lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia.
3. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
4. Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Real Decreto 557/2011, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei Orgánica 2/2009.
5. Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
6. Normativa estatal e autonómica (Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo e Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro), para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
7. Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020).
8. Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión. Prestacións que incorpora o servizo integral de inclusión sociolaboral.
9. Intervención dende o traballo social con persoas inmigrantes. Propostas metodolóxicas.
10. Itinerarios individualizados de inserción sociolaboral. Habilidades sociais e de autonomía

Emprego

persoal para a inserción socio-laboral. Habilidades de busca activa de emprego: técnicas e procedementos.

11. O emprego como factor de inclusión. Recursos autonómicos e locais en materia de emprego e inclusión sociolaboral.
12. Recursos locais en materia de servizos sociais, educación, saúde, emprego, xustiza, cultura, participación cidadá, deporte, ocio e tempo libre.
13. Concepto de integración. Modelos existentes e as súas repercusións: asimilación, multiculturalidade e interculturalidade. A sensibilización e a loita contra a discriminación.
14. O proceso migratorio. Causas e efectos das migracións. Teorías migratorias e tendencias actuais. Ferramentas de acollida da poboación inmigrante a nivel autonómico e local.
15. Evolución da política galega de inmigración. Plans autonómicos. Situación socio-demográfica da poboación inmigrante a nivel autonómico e no municipio de Laín.
16. Participación das persoas estranxeiras no ámbito comunitario. O acceso ós servizos públicos da poboación estranxeira a nivel autonómico e local.
17. Mulleres inmigrantes. A variable de xénero como elemento diferenciador da integración da poboación inmigrante.
18. A atención educativa do alumnado inmigrante.
19. Drogodependencias. Marco legal e programas de actuacións.
20. Recursos técnicos de traballo social: técnicas, instrumentos, soportes documentais e informáticos empregados en traballo social.
21. Ética profesional e código deontolóxico do traballo social.

III. PARTE ESPECÍFICA DIPLOMADO/A EN MAXISTERIO

1. Lexislación básica en materia de educación. As necesidades específicas de apoio educativo.
2. A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
3. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria

Emprego

obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
6. A programación educativa. Os obxectivos en educación. Metodoloxía. A avaliación educativa.
7. A lectura e a escritura. Procesos e dificultades na súa adquisición. Conceptos básicos. Lectura e escritura. Fases na adquisición da lectoescritura. Os métodos de ensinanza. Probas xerais de lectoescritura. Intervención nos trastornos da linguaxe escrita.
8. Alteracións da linguaxe oral. Avaliación das disfuncións da linguaxe verbal. Intervención en alteracións da linguaxe verbal.
9. Técnicas de modificación de conduta. Fundamentación teórica. Procedemento de posta en funcionamento de programas de modificación de conduta.
10. Necesidades específicas de apoio educativo. Dificultades específicas de aprendizaxe. Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo (procedente do estranxeiro).
11. Desenvolvemento cognitivo e lingüístico dende a idade infantil ata as etapas de escolarización obrigatoria. Principais teorías do desenvolvemento cognitivo. Etapas do desenvolvemento cognitivo.
12. O desenvolvemento emocional. Concepto de emoción. A expresión emocional. O desenvolvemento da comprensión emocional na educación infantil e nas fases educativas obrigatorias. Emocións e adolescencia.
13. A estimulación temperá. Función da estimulación temperá. Áreas de Intervención na estimulación temperá. Elaboración de programas de estimulación temperá.
14. O xogo como medio de aprendizaxe. Teorías do xogo. Tipos de xogos: conceptos xerais. A intervención do/a educador/a no xogo.
15. O conflito e a agresión. Teorías do conflito e a agresión. A socialización como factor importante na adquisición de condutas agresivas.
16. Protección de menores: lexislación básica. O maltrato infantil e o abuso sexual. Programas de información e prevención do abuso sexual.
17. Concepto de dó. Descrición de cada unha das fases do proceso de dó. Metodoloxía e plan de

Emprego

traballo ante o dó. Resolución do dó e procesos de cerre.

18. A dinámica de grupo. Concepto, características e clases de grupos. A comunicación e a participación no grupo. O papel de animación e as súas características. As técnicas grupais.
19. A educación en valores. Pedagogía do Valor. Igualdade e tolerancia. Educación para a paz. Educación ambiental. Conceptos xerais sobre igualdade de xénero, discriminación, desigualdade, acción positiva, roles e estereotipos.
20. Educación afectiva e sexual. A psicoafectividade e a autoestima. Definición de educación sexual. Proxectos de educación sexual e afectiva.
21. Educación para o consumo, a educación para a saúde e a educación ambiental. Estratexias para a educación preventiva de drogodependencias: a evitación do consumo de tabaco e bebidas alcohólicas e outras sustancias aditivas; o desenvolvemento da autoestima e a adquisición de habilidades sociais e de toma de decisións.

L

K

M

N

ANEXO II

**SOLICITUDE
SELECCIÓN PERSOAL ACTUACIÓNS DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN INMIGRANTE**

NOME			
APELIDOS			
DNI		DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO			
TELÉFONO		EMAIL	

Vista a **CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE**, **persoal laboral temporal**, para a realización do proxecto específico ACTUACIÓNS DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN INMIGRANTE, promovido polo Concello de Lalín,

Presenta solicitude de participación e aporta a seguinte documentación:


DNI, TARXETA DE IDENTIDADE
 TÍTULO ACADÉMICO
 CELGA 4 no seu caso)
 CARNÉ B
 CV

RELACIÓN DE MÉRITOS (Debidamente acreditados con arranxo ao baremo establecido na base OITAVA):

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.
- 10.
- 11.
- 12.
- 13.

Lalín, a _____ de _____ de 201__.

Asdo. (sinatura)



Lalínkmcero

Emprego



Concello de Lalín

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN

L

K

M

O

ANEXO III

**DECLARACIÓN XURADA
SELECCIÓN PERSOAL ACTUACIÓNS DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN INMIGRANTE**

NOME			
APELIDOS			
DNI		DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO			
TELÉFONO		EMAIL	

Vista a **CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE**, **persoal laboral temporal**, para a realización do proxecto específico ACTUACIÓNS DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN INMIGRANTE, promovido polo Concello de Lalín,

DECLARO

- 1) Reunir os requisitos sinalados na convocatoria, que declara coñecer.
- 2) Estar exento/a de realización da proba de galego establecida na base OITAVA (marca cun X):
 SI (acredita que posúe o CELGA 4) NON
- 3) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- 4) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparme inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- 5) Non estar incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente.

Así mesmo, AUTORIZO á Administración actuante para que proceda ao tratamento dos seus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Lalín, a _____ de _____ de 201__.

Asdo. _____ (sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN